

PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE DA PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN DOS ANOS

2009 E 2010 (PI 2009-2010)

O procedemento consta das seguintes partes:

- 1.- Actualización do censo de persoal investigador dos anos 2009 e 2010**
- 2.- Introducción dos méritos na aplicación polo persoal investigador**
- 3.- Preparación polos servizos administrativos da clasificación dos méritos introducidos polo persoal investigador**
- 4.- Clasificación dos méritos polos departamentos**
- 5.- Remisión do listado definitivo de méritos clasificados**
- 5.- Clasificación dos méritos polo persoal de xestión da investigación**
- 6.- Valoración pola Comisión de Investigación dos méritos que non poden ser valorados automaticamente**
- 7.- Avaliación provisional da PI 2009-2010**
- 8.- Reclamacións á Avaliación provisional**
- 9.- Revisión das reclamacións**
- 10.- Avaliación definitiva da PI 2009-2010**

1.- Actualización do censo de persoal investigador dos anos 2009 e 2010 (ata o 28 de outubro de 2011)

Consulta da lista actualizada pola persoa responsable do departamento no SUXI-RI: Datos dos investigadores << Investigadores do Departamento.

Para dar de alta ao persoal investigador:

- O/A propio/a investigador/a pode completar os datos do formulario do SUXI-RI en Datos dos investigadores << Solicitar alta no sistema.
- Enviar o formulario (*) de altas asinadas polo/a director/a do departamento, por rexistro de entrada á Vicerreitoría de Investigación

Para dar de baixa ao persoal investigador:

- Enviar o formulario (*) de baixas asinadas polo/a director/a do departamento, por rexistro de entrada á Vicerreitoría de Investigación.

Para modificar os datos do persoal investigador:

- Enviar o formulario (*) de modificacións asinado polo/a director/a do departamento por rexistro de entrada á Vicerreitoría de Investigación.

(*) Os formularios poden ser atopados tamén pola persoa responsable do departamento no SUXI-RI, no apartado Aplicacións << Consultar documentos.

2.- Introducción dos méritos na aplicación polo persoal investigador (do 31 de outubro ao 30 de novembro de 2011)

Estes datos pódense introducir en calquera orde. Pódense facer todas as modificacións que se crean necesarias ata o remate do prazo de introdución de méritos.

Non encher campos obrigatorios ou duplicar méritos xa existentes supón a non validación do mérito en cuestión.

De xurdir problemas durante a introdución dos méritos prégase que se comunique mediante a opción Aplicacións << As miñas peticións do menú que aparece na parte superior do SUXI-RI.

Lembramos que de ter que dar de alta unha revista ou modificar a súa clasificación precisamos que nos envíen o **modelo** de alta ou cambio de clasificación asinados e selados polo departamento, e a documentación sinalada para poder valorala adecuadamente segundo o tipo de revista (só revistas B, C e D, para as revistas tipo A non fai falta enviar documentación acreditativa)

O formulario pódese atopar no SUXI-RI, no apartado Aplicacións << Consultar documentos.

NON SE ACEPTARÁ NINGUNHA RECLAMACIÓN SOBRE OS SEGUINTE SUPOSTOS:

- Soportes e/ou méritos non introducidos na aplicación
- Asociacións dos méritos aos/as investigadores/as non introducidas na aplicación
- Datos non introducidos na aplicación cando sexan obrigatorios
- Datos corrixidos ou introducidos no resumo impreso
- Incongruencia entre os datos presentados en rexistro e os existentes na aplicación

3.- Preparación polos servizos administrativos da clasificación dos méritos introducidos polo persoal investigador (do 1 ao 9 de decembro de 2011).

Esta función será levada a cabo polo servizos administrativos da Vicerreitoría de Investigación, coa asistencia do persoal dos Servizos Informáticos.

4.-Clasificación dos méritos polos departamentos (do 12 ao 22 de decembro de 2011).

Os departamentos revisarán os méritos de:

- autoría de artigos en revistas
- edición de revistas e censor/a de artigos en revistas
- publicacións derivadas de congresos (ponencias por invitación e comunicacións extensas)

Encherán os valores de clasificación non calculados automaticamente e/ou editarán os calculados (se o consideran oportuno) e confirmarán a clasificación (e polo tanto validarán os méritos).

5.-Remisión do listado definitivo de méritos clasificados (data límite o 22 de decembro de 2011)

Co listado definitivo deben achegar á Vicerreitoría de Investigación a documentación acreditativa relativa aos seguintes méritos, para a súa avaliación pola Comisión de Investigación:

- Libros (libros completos de investigación e capítulos de libro)

6.-Clasificación dos méritos polo persoal de xestión da investigación

O persoal de xestión da investigación clasificará e revisará o resto de méritos de xeito análogo aos departamentos.

7.- Valoración pola Comisión de Investigación dos méritos que non poden ser valorados automaticamente

A Comisión de Investigación reunirse para decidir sobre a valoración dos méritos que non poden ser valorados automaticamente. Esta valoración será trasladada ao persoal de xestión da investigación para a súa introdución e validación no SUXI-RI.

8.- Avaliación provisional da PI 2009-2010.

Unha vez finalizadas as etapas anteriores, comunicarase aos departamentos que está dispoñible a Avaliación provisional da PI 2009-2010, para a súa consulta no SUXI-RI.

9.-Reclamacións á Avaliación provisional

O persoal investigador poderá consultar o estado dos seus méritos (pendente de clasificar, clasificado coa súa clasificación, avaliado coa súa puntuación).

Desde o momento no que se comunique que está dispoñible a Avaliación provisional establecerase un período no que os departamentos poderán presentar reclamacións polo medio que se estableza.

O formulario correspondente será posto a disposición dos departamentos no SUXI-RI, no apartado Aplicacións << Consultar documentos.

TODOS OS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

10.-Revisión das Reclamacións.

As reclamacións serán revisadas polo persoal de xestión da investigación, e avaliadas pola Comisión de Investigación de ser necesario. Posteriormente, corríxase a clasificación dos méritos que o requiran na aplicación informática, procedéndose á reclasificación dos méritos.

11.-Avaliación definitiva da PI 2009-2010

Unha vez realizadas as reclasificacións e revaloracións comunicárase que está dispoñible a Avaliación definitiva.

Neste momento remitírase o importe correspondente a cada departamento segundo os puntos acadados e o valor do punto.

Importante: Non existirá unha comunicación expresa a cada investigador ou investigadora sobre o resultado da avaliación definitiva, xa que a notificación faise ao departamento. No entanto, o persoal investigador poderá consultar o estado dos seus méritos no SUXI-RI.